

**XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA
20 DE FEBREIRO DE 2015**

1. Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 17 de decembro de 2014, coa inclusión do profesor D. Pablo R. Bonorino na lista de asistentes.
2. Apróbase, por asentimento, a solicitude de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Facultade (Acto de Graduación da Terceira Promoción do Grao en Dereito).
3. Apróbase, por asentimento, o límite de prazas no Grao en Dereito e do límite de prazas por traslado e para cambio de centro para o curso 2015/2016:
 - a. Grao en Dereito: 50 prazas
 - Límite de prazas por traslado: 15
 - Límite de prazas por cambio de centro: 15
 - b. Estudos conxuntos ADE-Dereito: 20 prazas (10 do Grao en Dereito e 10 do Grao en ADE).
 - Límite de prazas por traslado: 2
 - Límite de prazas por cambio de centro: Non procede por non ser unha titulación co mesmo plano de estudos en dous centros da Universidade de Vigo
4. Apróbase, por asentimento, o informe sobre o POD da Licenciatura en Dereito para o curso 2015/2016¹.
5. Apróbase, a PDA do Grao en Dereito -plan G080 e plan G081- para o curso 2015-2016².
6. Apróbase, por asentimento, incluír en cada materia o concreto Departamento e, conforme aos tradicionais criterios de asignación de cada Departamento, a área que pode asumir o encargo de cada materia par o curso 2015-2016³.
7. Apróbase, por asentimento, o cadro de recoñecementos individuais de apoio á actividade docente asignados á Facultade de Dereito para o curso 2015/2016⁴.
8. Apróbese, por asentimento, o nomeamento como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Dereito do Prof. Dr. D. José Antonio Gómez Segade, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.

Ourense, 23 de febreiro de 2015

A SECRETARIA DA FACULTADE

M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 20 de febreiro de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 23 de febreiro de 2015.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

¹ O informe sobre o POD da Licenciatura en Dereito pode consultarse na Secretaría do Decanato.

² A PDA do Grao en Dereito-Plan G080 e plan G081- pode consultarse na Secretaría do Decanato.

³ O documento pode consultare na Secretaría do Decanato.

⁴ O cadro de recoñecementos individuais de apoio á actividade docente pode consultarse na Secretaría do Decanato.